

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 27 DE XUÑO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:10 horas do día vinte e sete de xuño de dous mil trece, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste, o concelleiro D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dna Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecida polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas da sesión ordinaria e extraordinaria do Pleno da Corporación dos días 25/04/2013 e 13/05/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-Presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Non son formuladas observacións polo que o Pleno

municipal por unanimidade con dez votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal PSdeG.- PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto
ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar as actas da sesión ordinaria e extraordinaria do Pleno da Corporación dos días 25/04/2013 e 13/05/2013.

2.- PROPOSTA RATIFICACIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE RATIFICACIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO.

Visto que por Decreto desta Alcaldía Presidencia nº 141/2013 aprobouse o expediente de solicitude de subvención para o proxecto de Obradoiro de emprego denominado Vilasantar Sobrado Boimorto por importe de 398.036,70€ no que xunto cos concellos sinalados decídese o abeiro da Orde do 8/5/2013 solicitar subvención de obradoiro de emprego.

Visto o artigo 47 da Lei 7/1985 de bases do réxime local apartado 2g) h) ñ) aplicables no caso de aprobarse esta subvención pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Visto informe de secretaria que consta no expediente propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención para o proxecto de Obradoiro de emprego denominado Vilasantar Sobrado Boimorto por importe de 398.036,70€ no que xunto cos concellos sinalados decídese o abeiro da Orde do 8/5/2013 solicitar subvención de obradoiro de emprego ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 141/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a creación de ente asociativo cós Concellos de Vilasantar e Sobrado preparando convenio regulador entre os tres concellos dos dereitos e obrigas de cada parte que será elevado a este Pleno para a súa aprobación previa antes de sinatura .

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

Boimorto 22/10/2012
O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>>

Explica a Alcaldía que solicítase esta subvención xunto cós Concellos de Vilasantar e Sobrado xa que a solicitude en conxunto fai que se obteña máis puntuación , proxecto en conxunto no que Boimorto encárgase da parte de asistencia a dependentes, Vilasantar areas degradadas e Sobrado xardinería .

Di que hoxe informáronlle da perda da documentación remitida para este expediente na Consellería de Traballo tendo que volver a mandar todo , e que se aproban a subvención elevará denovo o Pleno un convenio que precise exactamente as obrigas e dereitos de cada Concello .

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor; 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención para o proxecto de Obradoiro de emprego denominado Vilasantar Sobrado Boimorto por importe de 398.036,70€ no que xunto cos concellos sinalados decídese o abeiro da Orde do 8/5/2013 solicitar subvención de obradoiro de emprego ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 141/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a creación de ente asociativo cós Concellos de

Vilasantar e Sobrado preparando convenio regulador entre os tres concellos dos dereitos e obrigas de cada parte que será elevado a este Pleno para a súa aprobación previa antes de sinatura.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

3.- PROPOSTA RATIFICACIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PROMOCIÓN E FOMENTO DO COOPERATIVISMO

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE RATIFICACIÓN RATIFICACIÓN APROBACION EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PROMOCIÓN E FOMENTO COOPERATIVISMO.

Visto que por Decreto desta Alcaldía Presidencia nº 147/2013 aprobouse o expediente de solicitude de subvención para creación e mantemento da oficina de fomento cooperativo e realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo entre os concellos de Sobrado Toques Vilasantar Curtis e Boimorto.

Visto o artigo 47 da Lei 7/1985 de bases do réxime local apartado 2g) h) aplicables no caso de aprobarse esta subvención pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Visto informe de secretaría que consta no expediente propono que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención para creación e mantemento da oficina de fomento cooperativo e realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo entre os concellos de Sobrado ,Toques ,Vilasantar ,Curtis e Boimorto solicitando a subvención ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 147/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a creación de ente asociativo cós Concellos sinalados nos considerandos deste acordo autorizando á sinatura polo Alcalde do convenio regulador das obrigas e dereitos das partes que consta no expediente .

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

Boimorto 22/10/2012

O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Expón a Alcaldía que este e o segundo ano no que se solicita esta subvención de forma conxunta con Sobrado , Toques, Vilasantar e Curtis, para obter subvención para salarios dun Técnico con oficina en Sobrado que fará unhas xornadas aquí en Boimorto e se encarga do fomento do cooperativismo.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor; 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención para creación e mantemento da oficina de fomento cooperativo e realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo entre os concellos de Sobrado ,Toques ,Vilasantar ,Curtis e Boimorto solicitando a subvención ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 147/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a creación de ente asociativo cós Concellos sinalados nos considerandos deste acordo autorizando á sinatura polo Alcalde do convenio regulador das obrigas e dereitos das partes que consta no expediente .

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

4.- PROPOSTA RATIFICACIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE SOLICITUDE SUBVENCIÓN FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE RATIFICACIÓN APROBACION EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN FONDO COMPENSACIÓN AMBIENTAL

Visto que por Decreto desta Alcaldía Presidencia nº 142/2013 aprobouse o expediente de solicitude de subvención liña de concorrencia competitiva Fondo de Compensación Ambiental ao abeiro da Orde do 13/05/2013 DOG nº 93 do 16/05/2013.

Visto o artigo 47 da Lei 7/1985 de bases do réxime local apartado 2g) h) aplicables no caso de aprobarse esta subvención pola Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza.

Visto informe de secretaría que consta no expediente propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención liña de concorrencia competitiva Fondo de Compensación Ambiental ao abeiro da Orde do 13/05/2013 DOG nº 93 do 16/05/2013 solicitando a subvención xunto có Concello de Sobrado, ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 142/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a creación de ente asociativo có Concello de Sobrado autorizando á sinatura polo Alcalde do convenio regulador das obrigas e dereitos das partes que consta no expediente .

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

Boimorto 22/10/2012
O Alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Sinala a Alcaldía que esta subvención ten dúas partes unha directa que se outorga os Concellos en función do número de molinillos de vento , e coa que o ano pasado adquiríronse contenedores amarelos e este ano preténdese adquirir verdes, e outra parte da subvención en concorrencia competitiva coa que se pretende participar xunto có Concello de Sobrado para que nos financien a adquisición dunha máquina retroexcavadora con cepillo de limpeza que poda utilizarse por ambos Concellos . Di que o ano pasado de forma individual pediu Boimorto subvención para arranxos nas depuradoras e non concederon nada.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor; 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención liña de concorrencia competitiva Fondo de Compensación Ambiental ao abeiro da Orde do 13/05/2013 DOG nº 93 do 16/05/2013 solicitando a subvención xunto có Concello de Sobrado, ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 142/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a

creación de ente asociativo có Concello de Sobrado autorizando á sinatura polo Alcalde do convenio regulador das obrigas e dereitos das partes que consta no expediente .

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

5.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN APROBACIÓN EXPEDIENTE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN SOTERRAMENTO INFRAESTRUCTURAS ELECTRICAS

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE RATIFICACIÓN APROBACION EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN SOTERRAMENTO INFRAESTRUCTURAS ELÉCTRICAS

Visto que por Decreto desta Alcaldía Presidencia nº 160/2013 aprobouse o expediente de solicitude de subvención para soterramento de infraestrutura eléctrica o abeiro da Orde do 13/05/2013 (DOG Nº 97 do 23/05/2013).

Visto o artigo 47 da Lei 7/1985 de bases do réxime local apartado 2g) h) aplicables no caso de aprobarse esta subvención pola Consellería de Economía e Industria.

Visto informe de secretaría que consta no expediente propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención para soterramento de infraestrutura eléctrica o abeiro da Orde do 13/05/2013 (DOG Nº 97 do 23/05/2013). solicitando a subvención xunto có Concello de Sobrado, ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 160/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a creación de ente asociativo có Concello de Sobrado autorizando á sinatura polo Alcalde do convenio regulador das obrigas e dereitos das partes que consta no expediente , entendendo que de ser outorgada será necesario tramitar ante este Pleno modificación orzamentaria suplemento de crédito para facer fronte á aportación municipal.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

Boimorto 22/10/2012
O Alcalde:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Di o Alcalde que sempre esta subvención se solicita de forma individual máis este ano para obter máis subvención e relacionando o soterramento de liñas coa mellora do camiño de Santiago nos tramos de Sobrado e Boimorto solicítase de forma conxunta con Sobrado para poder acadar unha financiación dun 95%, explica que xa faláron co Director Xeral de Industria e que en Boimorto trataríase do soterramento de liña o carón do albergue e que non se subvenciona o soterramento de liñas de alta so de baixa.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor; 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de solicitude de subvención para soterramento de infraestrutura eléctrica o abeiro da Orde do 13/05/2013 (DOG Nº 97 do 23/05/2013).

solicitando a subvención xunto co Concello de Sobrado, ratificando o establecido en decreto da Alcaldía 160/2013 e acordando no caso de outorgarse subvención a creación de ente asociativo co Concello de Sobrado autorizando á sinatura polo Alcalde do convenio regulador das obrigas e dereitos das partes que consta no expediente , entendendo que de ser outorgada será necesario tramitar ante este Pleno modificación orzamentaria suplemento de crédito para facer fronte á aportación municipal.

SEGUNDO.- Certificado deste acordo conste no expediente e sexa remitido ó órgano autonómico competente para outorgamento desta subvención.

6.- SOLICITUDE COMPATIBILIDADE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Pola Secretaría dase lectura á proposta da Alcaldía Presidencia relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Vista a solicitude de compatibilidade presentada por D^a Jennifer Bujan Casal con DNI nº 44845332R con rexistro de entrada 1038 en data 20/06/2013, para compatibilidade entre o posto de socorrista no Concello de Boimorto e o posto de monitor deportivo en empresa privada rematando este último contrato o 30/06/2013 e non existindo coincidencia nas xornadas laborais. Visto informe de Secretaría de data 21/06/2013.

Tendo en conta que segundo a Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal o Servizo das Administracións Públicas que sinala:

“Artículo 1.

3. En cualquier caso, el desempeño de un puesto de trabajo por el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley será incompatible con el ejercicio de cualquier cargo, profesión o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometerse imparcialidad o independencia.

Artículo 2.

1. La presente Ley será de aplicación a:

El personal civil y militar al servicio de la Administración del Estado y de sus Organismos Públicos.

El personal al servicio de las Administraciones de las Comunidades Autónomas y de los organismos de ellas dependientes, así como de sus asambleas legislativas y órganos institucionales.

El personal al servicio de las corporaciones locales y de los organismos de ellas dependientes

Actividades privadas

Artículo 11

1. De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 1.º3 de la presente Ley, el personal comprendido en su ámbito de aplicación no podrá ejercer, por sí o mediante sustitución, actividades privadas, incluidas las de carácter profesional, sean por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares que se relacionen directamente con las que desarrolle el Departamento, Organismo o Entidad donde estuviera destinado.

Se exceptúan de dicha prohibición las actividades particulares que, en ejercicio de un derecho legalmente reconocido, realicen para sí los directamente interesados.

2. El Gobierno, por Real Decreto, podrá determinar, con carácter general, las funciones, puestos o colectivos del sector público, incompatibles con determinadas profesiones o actividades privadas, que puedan comprometer la imparcialidad o independencia del personal de que se trate, impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o perjudicar los intereses generales.

Artículo 12

1. En todo caso, el personal comprendido en el ámbito de aplicación de esta Ley no podrá ejercer las actividades siguientes:

a) El desempeño de actividades privadas, incluidas las de carácter profesional, sea por cuenta propia o bajo la dependencia o al servicio de Entidades o particulares, en los asuntos en que esté interviniendo, haya intervenido en los dos últimos años o tenga que intervenir por razón del puesto público.

Se incluyen en especial en esta incompatibilidad las actividades profesionales prestadas a personas a quienes se esté obligado a atender en el desempeño del puesto público.

b) La pertenencia a Consejos de Administración u órganos rectores de Empresas o Entidades privadas, siempre que la actividad de las mismas esté directamente relacionada con las que gestione el Departamento, Organismo o Entidad en que preste sus servicios el personal afectado.

c) El desempeño, por sí o persona interpuesta, de cargos de todo orden en Empresas o Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servicios o suministros, arrendatarias o administradoras de monopolios, o con participación o aval del sector público, cualquiera que sea la configuración jurídica de aquéllas

.d) La participación superior al 10 por 100 en el capital de las Empresas o Sociedades a que se refiere el párrafo anterior

.. 2. Las actividades privadas que correspondan a puestos de trabajo que requieran la presencia efectiva del interesado durante un horario igual o superior a la mitad de la jornada semanal ordinaria de trabajo en las Administraciones Públicas sólo podrán autorizarse cuando la actividad pública sea una de las enunciadas en esta Ley como de prestación a tiempo parcial.

Artículo 14

El ejercicio de actividades profesionales, laborales, mercantiles o industriales fuera de las Administraciones Públicas requerirá el previo reconocimiento de compatibilidad.

La resolución motivada reconociendo la compatibilidad o declarando la incompatibilidad, que se dictará en el plazo de dos meses, corresponde al Ministerio de la Presidencia, a propuesta del Subsecretario del Departamento correspondiente; al órgano competente de la Comunidad Autónoma o al **Pleno de la Corporación Local**, previo informe, en su caso, de los Directores de los Organismos, Entes y Empresas públicas.

Los reconocimientos de compatibilidad no podrán modificar la jornada de trabajo y horario del interesado y quedarán automáticamente sin efecto en caso de cambio de puesto en el sector público.

Quienes se hallen autorizados para el desempeño de un segundo puesto o actividad públicos deberán instar el reconocimiento de compatibilidad con ambos.

Artículo 15

El personal a que se refiere esta Ley no podrá invocar o hacer uso de su condición pública para el ejercicio de actividad mercantil, industrial o profesional.

Propoño que o Pleno municipal en aplicación desta normativa **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Denegar a compatibilidade solicitada por D.ª D.ª Jennifer Bujan Casal con DNI nº 44845332R con rexistro de entrada 1038 en data 20/06/2013, para compatibilidade entre o posto de socorrista no Concello de Boimorto e o posto de monitor deportivo en empresa privada por non terse acreditado en documentación no expediente os efectivos horarios e copia do contrato para actividade privada, e por poder darse necesidades do servizo que impidan dita compatibilidade horaria ademais de aplicar o disposto no artigo 12.2 da Lei 53/1984 indicado nos considerandos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando que deberá acreditar no prazo de 10 días hábiles dende a notificación deste acordo a súa opción por ser laboral temporal do Concello de Boimorto ou manter a actividade privada renunciando ó contrato con este Concello.

Boimorto 21 de xuño de 2013

O alcalde

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Explica o Alcalde a súa proposta e sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Denegar a compatibilidade solicitada por Dña. Jennifer Buján Casal con DNI nº 44845332R con rexistro de entrada 1038 en data 20/06/2013, para compatibilidade entre o posto de socorrista no Concello de Boimorto e o posto de monitor deportivo en empresa privada por non terse acreditado en documentación no expediente os efectivos horarios e copia do contrato para actividade privada , e por poder darse necesidades do servizo que impidan dita compatibilidade horaria ademais de aplicar o disposto no artigo 12.2 da Lei 53/1984 indicado nos considerandos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada indicando que deberá acreditar no prazo de 10 días hábiles dende a notificación deste acordo a súa opción por ser laboral temporal do Concello de Boimorto ou manter a actividade privada renunciando ó contrato con este Concello.

7.- PROPOSICION EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 8/2013 CREDITO EXTRAORDINARIO 2/2013

Explica a Alcaldía a urxencia desta proposición para non perder subvención para ampliación da Residencia prevendo execución de obras en dita parcela contigua á residencia , aceptáse por unanimidade a urxencia deste punto sin dictaminar pola Comisión informativa permanente especial de contas con 10 votos a favor , 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto .

Procede a continuación a Secretaría á lectura da proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

<<PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL A CELEBRAR EN DATA 27/06/2013

Visto o expediente tramitado para a creación dunha partida para adquisición de parcela para a Residencia e Centro de día de Boimorto .

Vista a normativa legal que permite a modificación dos presupostos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de Execución do Presuposto do exercicio 2013.

Á vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sin dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica ,creando a seguinte partida :

A) Partida **23.621 Servizos Sociais inversión nova asociada o funcionamento dos servizos terrenos e bens naturais 65.000€ financiados con remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2012.**

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente e estar relacionado co proxecto modificado da Residencia subvencionado por Agader.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto . - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

Boimorto 24 de xuño de 2013
O Alcalde :

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez >>

Sinala o Alcalde que e necesaria a compra de parcela para as obras pretendidas de ampliación da residencia e centro de día , que son 5.000m2 a custe de 65.000€ que leva moito tempo negociando esta adquisición de parcela sendo a única que vale e que no proxecto financiado por Agader xa se contemplan obras en dita parcela .

Sen máis intervención por unanimidade con 10 votos a favor 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario para a habilitación de crédito na seguinte partida orzamentaria polo importe que se indica ,creando a seguinte partida :

A) Partida **23.621 Servizos Sociais inversión nova asociada o funcionamento dos servizos terrenos e bens naturais 65.000€ financiados con remanente de tesourería para gastos xerais do exercicio 2012.**

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente e estar relacionado co proxecto modificado da Residencia subvencionado por Agader.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2013, crédito para estes gastos no capítulo 6 o estar as partidas non incluída en bolsa por ser gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública.

8.- PROPOSTA DE ACORDO CONTRA A MINARÍA SALVAXE E CONTAMINANTE

O Alcalde dalle a palabra a D. Xosé Luis Rivas Cruz concelleiro do grupo mixto para que expoña a proposta relacionada con este punto da orde do día que se expón e se reproduce a continuación:

“MOCIÓN CONTRA A MINARÍA SALVAXE E CONTAMINANTE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A explotación dos recursos mineiros e particularmente dos metais, está controlada por grandes empresas transnacionais que operan baixo criterios especulativos aplicando prácticas neocoloniais. O seu alto prezo nos mercados fai que a explotación e extracción procure beneficio rápido a costa do grave impacto ambiental e riscos para saúde das persoas.

En Galiza existen 520 explotacións mineiras e as concesións chegan a abranger máis da metade da superficie do país. A maior parte das mesmas foron autorizadas e perviven na actualidade grazas a normas aprobadas no réxime franquista, que non tiñan en conta a realidade do país nin un aproveitamento sustentábel dos recursos mineiros. O aproveitamento de determinados recursos mineiros debe ser considerado estratéxico, decidido desde Galiza en función dos seus intereses, e tutelado desde os poderes públicos para garantir a sustentabilidade ambiental e social dos proxectos.

Nin a Xunta de Galiza nin o goberno do Estado teñen o menor interese en mudar esta situación. Por exemplo, o proxecto mineiro de ouro de Corcoesto, recibiu a declaración de impacto ambiental positiva da Xunta logo de se tramitar como de interese estratéxico, sen coñecemento dos/as habitantes da zona. O mesmo aconteceu co plan sectorial de actividades extractivas, encargado ás empresas do sector mineiro (Cámara Mineira de Galiza) e furtado á participación das entidades sindicais, ambientalistas, veciñais e profesionais. Este plan ameaza espazos naturais protexidos, como a Serra do Courel, na Rede Natura, onde queren conceder 54 explotacións. Os concellos e as persoas afectadas non contan, tampouco a ordenación urbanística local. E non só é Corcoesto, en Bergantiños, senón O Ribeiro, Celanova, as Fragas do Eume, a Serra do Galiñeiro, a Limia ou Terra Chá, tamén están baixo esta ameaza.

A minaría a ceo aberto e a fractura hidráulica ou “fracking” son actividades con graves impactos sobre o territorio, o medio ambiente e os distintos usos do solo. Consume grandes cantidades de enerxía e agua e manexa substancias tóxicas, como o cianuro, que poden ter graves consecuencias para o ambiente e a saúde das persoas, a contaminación do solo e dos acuíferos.

Unha minaría a ceo aberto, salvaxe, que abre cráteres na superficie e fracturas nas profundidades, destruíndo plantas, animais ou aldeas e lugares, se for preciso para os seus intereses. Pon en perigo a saúde, a calidade de vida, os recursos e os medios de vida tradicionais e sustentábeis das persoas. Produce explosións, destrución física do territorio con cráteres de centos de hectáreas e centos de metros de profundidade, embalsamento de contaminantes como metais pesados, arsénico, cianuro), elimina acuíferos e contamina as augas.

Os supostos beneficios económicos e de xeración de postos de traballo non compensan os prexuízos ambientais e socioeconómicos derivados doutros recursos naturais (forestais, agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, de lecer ou turísticos) e a saúde humana. Os permisos de investigación ligados á extracción de ouro implican o uso de cianuro, con riscos para a saúde e o medio ambiente. O cianuro é unha substancia química altamente tóxica, mesmo potencialmente letal, un dos principais contaminantes, que pode ter impactos graves e irreversíbeis na saúde humana, no medio ambiente e destrutivos na diversidade biolóxica, prohibido en moitos estados do mundo.

Existe un clamor para que se suspendan os permisos e concesións en tramitación, que se prohiba a macrominaría a ceo aberto e a minaría con cianuro, ademais da necesidade de establecer avais suficientes e seguros de responsabilidade civil que permitan cubrir a situación máis catastrófica que puidese ocorrer. E aínda máis, que Galiza sexa soberana na explotación dos seus recursos, como a minaría.

Por todo isto, este concelleiro do BNG solicita a adopción deste **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar o documento de inicio do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza.

2. Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de “fracking”, en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.

3. Crear con urxencia o Consello da Minaría da Galiza, tal como establece a Lei 3/2008, de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.

4. Exixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.

5. Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía de Galiza e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hidricos, turísticos, forestais ou de lecer...”

O Alcalde dalle a palabra o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas que explica que xa dende épocas franquistas hai proxectos de explotación para obtención de oro en zonas protexidas supoñendo impacto ambiental , sinala que estas empresas xogan coa xente ofertando postos de traballo en época de crise económica .

Sen máis intervención con seis votos a favor por maioría absoluta, 5 dos concelleiros do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e 4 abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a:

1. Retirar o documento de inicio do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galiza.

2. Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de “fracking”, en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.

3. Crear con urxencia o Consello da Minaría da Galiza, tal como establece a Lei 3/2008, de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.

4. Exixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.

5. Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía de Galiza e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer...

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza os efectos oportunos.

9.- PROPOSTA DE ACORDO PARA ESIXIR A RETIRADA DA LOMCE

O Alcalde dalle a palabra a D. Xosé Luis Rivas Cruz concelleiro do grupo mixto para que expoña a proposta relacionada con este punto da orde do día que se expón e se reproduce a continuación:

“MOCIÓN PARA EXIXIR A RETIRADA DA LOMCE POLO SEU CARÁCTER CENTRALIZADOR E DESGALEGUIZADOR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O de momento *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, que o PP pretende converter en proxecto de lei, significará, de se consagrar, un reforzamento de moitas cuestións totalmente negativas para o sistema educativo, que os axentes sociais e profesionais levan anos a denunciar. Este anteproxecto presenta un texto que fundamente centralizador, clasista e sexista, que mercantiliza a educación e pretende afondar nun modelo moito máis autoritario e antidemocrático. Entres estas eivas, non deixa de ser relevante a falta de diálogo social con que se pretende aprobar e desenvolver, sen participación da comunidade educativa, das asociacións que representan os diferentes colectivos implicados e con grande oposición social e política.

Para alén doutras consideracións, a LOMCE representa un ataque frontal ás competencias das comunidades autónomas e supón unha involución inadmisíbel ao negar a realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español. Fronte ao dereito de ofrecer o seu propio modelo lingüístico atendendo as distintas realidades, a LOMCE elimina a opción da inmersión lingüística, ao establecer un mínimo de materias nas dúas linguas cooficiais. Por outra parte, dentro dun proxecto xerárquico, as materias pasan a clasificarse en diferentes categorías e o galego deixa de ser lingua troncal e recibe, desta maneira, unha consideración inferior á da primeira lingua estranxeira. Nesta mesma liña, o *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, recollendo o ideario ideolóxico do Partido Popular, esconde baixo a falsidade dunha pretendida liberdade de idioma a posibilidade de non estudar en lingua galega, facilitando, con diñeiro público, a escolarización do alumnado que así o decidir en centros privados.

Levamos tempo asistindo a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores –políticos e mediáticos– que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo na Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua. Especialmente grave é que iso aconteza no ámbito educativo, pois está demostrado que sen competencia lingüística non pode haber uso lingüístico e, por tanto, o que esta lexislación pode provocar, se se aprobara, é a desaparición do galego ou a súa redución á mínima expresión dentro do ámbito do ritual e ocasionalmente consentido. Especialmente grave é a perda sistemática de exposición ao galego no ámbito urbano para a etapa infantil, de tal maneira que moitas nenas e nenos que viven en contornos xa fundamentalmente castelanizados non obteñen as competencias reequilibradoras das desigualdades que o ensino debe garantir. De feito, no último estudo realizado pola Mesa pola Normalización Lingüística, a respecto da presenza da lingua galega nas aulas de ensino infantil das sete cidades galegas, o galego está ausente por completo no 95,04% dos centros. Segundo declaran os 282 centros consultados, **a suma daqueles que empregan total ou parcialmente o galego no ensino de nenos e nenas de 3 a 6 anos non supón máis que un 4,96% do total**, isto é, 14 colexios en todo o país.

A realidade correspóndese, pois, coa falta de dereitos lingüísticos das persoas galegofalantes e coa exclusión de coñecemento do galego desde as idades máis temperás nun ensino cada vez máis castelanizado. O *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa* reforza aínda moito máis a idea de que os únicos deberes para as administracións públicas fiquen referenciados ao uso do castelán.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. A retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*.
2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do estado a retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, por invadir as súas competencias.
3. A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se insire e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español."

Sen máis intervención con seis votos a favor por maioría absoluta, 5 dos concelleiros do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e 4 abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Solicitar na Xunta de Galicia:

1. A retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*.
2. A esixencia de que a Xunta da Galiza solicite ao goberno do estado a retirada do *Anteproxecto de lei orgánica para a mellora da calidade educativa*, por invadir as súas competencias.
3. A necesidade de que o sistema educativo potencie a diversidade lingüística e fomente a lingua propia do noso país, respondendo, desta maneira, ao contexto onde se insire e partindo, por tanto, das distintas realidades lingüísticas que caracterizan o Estado español.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza os efectos oportunos.

10.- PROPOSTA DE ACORDO PARA SOLICITAR QUE NON SE PRACTIQUEN FUMIGACIÓNS MASIVAS CON HERBICIDAS NA VEXETACIÓN DOS CÓMAROS DAS ESTRADAS

O Alcalde dalle a palabra a D. Xosé Luis Rivas Cruz concelleiro do grupo mixto para que expoña a proposta relacionada con este punto da orde do día que se expón e se reproduce a continuación:

“MOCIÓN PARA QUE NON SE PRACTIQUEN FUMIGACIÓNS MASIVAS CON HERBICIDAS NA VEXETACIÓN DOS CÓMAROS DAS ESTRADAS

Cada ano en datas primaverais, algunhas vías de comunicación dependentes da Xunta, do Estado, das deputacións ou de concellos, veñen ser fumigadas con grandes cantidades de herbicidas para eliminar a vexetación que medra nos cómaros dos viais. Estas fumigacións prexudican gravemente os cultivos, as augas e o medio ambiente. Tanto organizacións ecoloxistas e sociais como produtores agrarios denunciaron en moitas ocasións esta práctica por constituir un atentado contra o medio ambiente, prexudicar os cultivos e danar tamén as augas, porque os taludes laterais das estradas serven para canalizar as augas pluviais co cal os herbicidas son transportados aos ríos.

Foron mesmo en ocasións as persoas produtoras de uva en zonas próximas ás autovías as que denunciaron a mingua considerábel nas súas producións debido ao mal uso de herbicidas por parte das administracións ou concesionarias. De feito, conséntase que, por exemplo, o Ministerio de Fomento emprega un herbicida co potente MCPA que ten efectos prexudiciais nas colleitas. Para contrarrestar uns efectos que poden alongarse até dous anos, labregas e labregos teñen que realizar un gasto extra para aplicar un tratamento intensivo nas súas plantacións para impedir a acción dunha substancia que xa parou o medre de moitas vides.

Para alén destas consideracións principais, moitas estradas pasan por zonas densamente poboadas, cascos urbanos e outras áreas sensíbeis.

É por isto que o concelleiro do BNG solicita desta corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza e a Deputación provincial a que vixíen e impidan a aplicación de herbicidas nas vías da súa competencia, promovendo técnicas alternativas menos agresivas como as rozas mecánicas selectivas que respecten as especies autóctonas, os cultivos, as augas e o medio ambiente.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a prohibición do uso de herbicidas nas vías de competencia estatal, tal como vén facendo o ministerio de Fomento, utilizando alternativas que respecten o medio ambiente, os cultivos e as augas.”

O concelleiro D. Xosé Luis Rivas di que entende que na agricultura se necesiten herbicidas máis non que se quemem lindeiros das estradas a paixase e que se contaminen ríos e fontes, di que non entende que se busquen nas praias a obtención de bandeira azul e despois se actúe desta maneira por interese económico.

Di o Alcalde que nos Concellos non se permite o uso de ditos herbicidas di que hai que velar para que non se faga máis dano o rural.

Sen máis intervención con seis votos a favor por maioría absoluta, 5 dos concelleiros do PsdG-PSOE e un do concelleiro do grupo mixto e 4 abstencións dos concelleiros do grupo municipal do PP o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galiza e a Deputación provincial a que vixíen e impidan a aplicación de herbicidas nas vías da súa competencia, promovendo técnicas alternativas menos agresivas como as rozas mecánicas selectivas que respecten as especies autóctonas, os cultivos, as augas e o medio ambiente.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado a prohibición do uso de herbicidas nas vías de competencia estatal, tal como vén facendo o ministerio de Fomento, utilizando alternativas que respecten o medio ambiente, os cultivos e as augas

TERCEIRO.- Certificación deste acordo sexa remitida á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia da Excm. Deputación Provincial

11.- PROPOSTA NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE PARA FORMAR PARTE DO CONSELLO ESCOLAR.

Visto escrito con rexistro de entrada 1891 de data 16/11/2012 no que se solicita pola presidencia do Consello escolar que o Concello designe representante para formar parte deste Consello
Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Designar a D. Xosé Luis Rivas Cruz como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo .

PRIMEIRO.- Designar a D. Xosé Luis Rivas Cruz como representante do Concello de Boimorto no Consello Escolar.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós órganos colexiados correspondentes e facultar o Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados decretos, acordos resolucíons e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.

12.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 25/04/2013 a 25/06/2013, números 88 a 161.

Pregunta a Alcaldía se algún grupo municipal ten mocíons que presentar, non indicándose por outros grupos municipais a presetancíon de mocíon sinala o Alcalde que o seu grupo ten unha mocíon a presentar que ven como mocíon por solicitarse fora de prazo e xustificando a urxencia na necesidade de empezar este expediente de cesíon de uso de parcela á Asociación de Cazadores de Boimorto xa que o próximo pleno non se celebra ata setembro.

Apróbase a urxencia desta mocíon con 10 votos a favor, 5 dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE un do concelleiro do grupo mixto e catro dos concelleiros do PP sendo a mocíon tal e como segue:

“Solicítase o Pleno municipal a votación de urxencia desta proposta de acordo sen dictaminar relacionado coa cesíon gratuíta do uso de parte da finca nº 468 do polígono 6 sita no lugar de Chousa da Mota parroquia de Mercurín propiedade do Concello de Boimorto.

Visto escrito con rexistro de entrada 1110 presentado o 25/06/2013 por D. José Balado Casal con DNI nº 76514858E actuando en representación da Asociación de Cazadores do Barro de Boimorto con CIF G15473481 no que solicita cesíon gratuíta dunha parte da finca nº 468 polígono 6 sita no lugar de Chousa da Mota parroquia de Mercurín de titularidade do Concello de Boimorto para a cría de coellos sendo segundo estatutos asociación sen ánimo de lucro.

Visto informe técnico de data de 27/06/2013 que consta no expediente así como visto informe de secretaría de data 27/06/2013.

Considerando que a aprcela indicada e patrimonial e que a cesíon de uso gratuíto para cría de coellos que se propón para 4 anos pode beneficiar os habitantes deste termo municipal tendo en conta os artigos 109 e 111 do Regulamento de bens das entidaes locais aprobado por Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño e o artigo 6 do Regulamento do rexistro municipal de asociacións.

Tendo dita finca carácter de ben patrimonial e estando inscrita no Rexistro da Propiedade de Arzúa asiento 304 folio 37 tomo 28 do Diario título de propiedade expedido conforme a ley de reforma y desarrollo agrario trala concentración parcelaria de Brates Mercurín.

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Incoar formalmente o expediente de cesíon de uso gratuíto por 4 anos dende a notificación do acordo definitivo a adoptar por este Pleno de parte da parcela indicada no expediente en plano, finca nº 468 do polígono 6 sita no lugar de Chousa da Mota parroquia de Mercurín propiedade do Concello de Boimorto á Asociación de Cazadores do Barro de Boimorto con CIF G15473481 debendo incorporarse ó expediente os documentos sinalados no artigo 110 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real Decreto 1372/1986.

SEGUNDO.- Considerar que esta entidade peticionaria e institución privada sen ánimo de lucro segundo os seus estatutos.

TERCEIRO.- Instar a dita entidade para que complete a documentación indicada no informe de secretaría.”

Di o Alcalde que a Asociación pide a parte de abaixo da parcela para cría de coellos e repoblación do coto polo prazo de 4 anos que se trata de incoar o expediente, pregunta o concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luis Rivas se van facer obras di o Alcalde que non. Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor; 5 dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, 4 dos concelleiros do grupo municipal do PP e un dos concelleiros do grupo mixto o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Incoar formalmente o expediente de cesión de uso gratuíto por 4 anos dende a notificación do acordo definitivo a adoptar por este Pleno de parte da parcela indicada no expediente en plano, finca nº 468 do polígono 6 sita no lugar de Chousa da Mota parroquia de Mercurín propiedade do Concello de Boimorto á Asociación de Cazadores do Barro de Boimorto con CIF G15473481 debendo incorporarse ó expediente os documentos sinalados no artigo 110 do Regulamento de bens das entidades locais aprobado por Real Decreto 1372/1986.

SEGUNDO.- Considerar que esta entidade peticionaria e institución privada sen ánimo de lucro segundo os seus estatutos.

TERCEIRO.- Instar a dita entidade para que complete a documentación indicada no informe de secretaría.”

13.- ROGOS E PREGUNTAS

O Alcalde dalle a palabra a D. Alvaro Fontecoba Vázquez concelleiro do grupo municipal do PP que pregunta cando se van afeitar aas cunetas das parroquias.

A continuación o Alcalde dalle a palabra ó concelleiro do grupo municipal mixto D. Xosé Luis Rivas que roga que polo menos se afeiten os cruces sendo urxente o de Romelas a diferenza no piso que é un perigo.

Resposta o Alcalde que nesta semana empezan a afeitar as carreteras informa que asinou un convenio coa Xunta relacionado con dita limpeza e cuadrilla para esos traballos de prevención de incendios. Sobre o rogo relacionado co piso en Romelas informa o Alcalde que xa avisou ó contratista.

A continuación o Alcalde di que tiña que decir que pediu unha subvención á Xunta para curso para desempregados para financiar formación en institucións sociais un bo proxecto que foi subvencionado para o Concello do Pino sorprendendo que o mesmo proxecto o teña o Concello do Pino informando a Dirección Xeral de Traballo que habia moitas solicitudes e non tiñan instrucións para tramitar a de Boimorto, pide que conste na acta plenaria que e o que ten que facer para que lle expliquen porque non se miran os proxectos e se se miran porque se pasan a outros Concellos, di que a concurrencia e competitiva e non se pode discriminar. Informa que agora na Consellería de Traballo polo programa de cooperación din que están mal calculados os soldos dos traballadores polo código de ocupación e que si non correximos xa non nos dan nada, pide o Alcalde o grupo municipal do PP que fagan algo que so lle dan a Boimorto o mínimo imprescindible que está aguantando cos recursos propios, e o proxecto para obradoiro que lle deron o Pino tiña que ser para Boimorto que O Pino non ten residencia, nin centro de maiores nin de discapacitados.

Remata o Alcalde sinalando que invita o Presidente da Xunta e á Delegada Territorial o Festival da Luz para que conste que deben ter entendemento e mellorar as relacións polo ben dos veciños sen discriminacións pola cor política.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:17 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez